

EXPEDICIÓN MILITARES A GALLAECIA NA ÉPOCA REPUBLICANA

Por Josefa MARTÍNEZ MERA

Departamento Historia I
Universidade de Santiago de Compostela

Abstract: The present article goes round the roman expeditions towards the territory of Gallaecia on the north-west peninsular. We tried to present an approach to military expeditions made by romans before the complete subjection by Augustus in the Cantabrian war. In this way, we'll centre on figures like Iulius Brutus, Publio Craso, and Iulius Caesar because they began the control of this region. Also we insert a list of the sources greeks and latin about this theme on the appendix.

Key words: military expeditions, Gallaecia, Brutus, Craso, Caesar.

ACERCAMIENTO HISTORIOGRÁFICO

No marco xeral da romanización total da península ibérica, o territorio de *Gallaecia* comenza a cobrar importancia da man da presenza militar romana por mor do desenvolvemento das guerras cántabras, nas que Roma somete ós derradeiros territorios peninsulares que quedaban afastados do seu control. É co emperador Augusto cando ocorren en *Gallaecia* os principais episodios militares de control da rexión, e cando estes territorios pasan a formar parte do mundo romano.

Tradicionalmente a historiografía centrouse no estudio destes episodios que marcarían, simbólicamente, o inicio das relacións dos pobos do norte peninsular cos romanos, trala súa conquista. Sen embargo, os contactos da rexión denominada como *Gallaecia* e o mundo romanizado xa viñan tendo lugar con anterioridade, e incluso se realizaron expedicións militares con anterioridade a estes episodios de época de Augusto. Estas primeiras expedicións non estaban estruturadas para organiza-lo sometemento e control definitivo das plazas tomadas, senón que máis ben se trataba de operacións de castigo ou de rapiña, realizadas en campañas de escasa duración temporal.

Sobre estas operacións militares a historiografía tradicional non xerou unha cantidade de estudos tan apreciable como para o caso das campañas de Augusto, debido en parte á inexistencia dunhas fontes explícitas que recolleran fielmente estas campañas; en cambio, as fontes tan so aportan datos pequenos, fragmentados e moi puntuais sobre elas, cousa esta que nos parece moi perigosa, xa que tenta ó investigador que fai a reconstrucción dos feitos a ser vítima da súa propia paixón polo tema caendo irremediabilmente nunha descripción dos feitos esaxerada.

O tema da conquista romana de Galicia comezou a ser un tema de interés a comezos do século XX, debido a que a historia de Galicia era abordada desde un punto de vista nacionalista, que tiña como principal obxectivo o de revaloriza-la cultura, folklore e a propia historia. Por isto, os estudos que tiñan como obxectivo as orixes e formación do pobo galego eran un campo de investigación ben querido. Así atopámonos coa insigne figura de López Cuevillas¹ e as súas aportacións no eido da prehistoria galega e o mundo castrexo.

Pero máis concretamente, os estudos referentes ás expedicións de conquista da *Gallaecia* teñen no historiador Torres Rodríguez o seu primeiro e principal «cultivador», que comenza a publicar as súas investigacións sobre estes temas nos anos 50². Tamén contamos con outros autores que tratan este tema dentro de obras de obxectivos máis amplos, como A. Tranoy³, N. Santos Yanguas⁴ ou Rodríguez Figueirido⁵ entre outros.

As expedicións militares que durante a época republicana se fixeron ó noroeste peninsular foron tres: a campaña militar de Decimo Xunio Bruto, procónsul da Hispania Ulterior nos anos 138-137 a.C., a expedición de Publio Craso, procónsul tamén da Ulterior nos anos 96-94 a.C., e a expedición de Caio Xulio César, como pretor da Ulterior no ano 61 a.C.⁶

Antes de seguir avanzando na nosa análise, queremos establecer unha diferenza entre estas tres «expedicións», posto que distinguimos nelas elementos diverxentes que se deben de ter en conta: nos pensamos que se debe distinguir entre unha «campaña ou expedición militar oficial», que respondería a uns determinados intereses da república romana, e unhas «expedicións» que teñen a forma externa de militares, é dicir, que se estruturan de forma semellante ás expedicións oficiais, pero que responderían a intereses máis ben privados e que se centran nuns obxectivos concretos para acadar, fundamentalmente, botín ou riquezas.

A este respecto hai que distinguir entre a campaña de D. X. Bruto e as expedicións de Craso e de César, sendo a primeira unha empresa na que domina o carácter oficial sobre o pragmático de recollida de botín, que, aínda que se ten

¹ López Cuevillas, F.: *La civilización céltica en Galicia*, Santiago de Compostela, 1953 (reeditado en Madrid, ed. Istmo, 1989).

² Cf. Torres Rodríguez; C.: «Conquista de Galicia por los romanos antes de las guerras cántabras», *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela*, 1951-52 (nº 57-60), páx. 79-110; «La conquista romana de Galicia», en VV. AA., *La romanización de Galicia*, A Coruña, 1976, páx. 9-30; *La Galicia romana*, Inst. Padre Sarmiento, Santiago de Compostela, 1982,

³ Tranoy, A.: *La galice romaine*, París, 1981, páxs 126-128.

⁴ Santos Yanguas, N.: «La conquista romana de Galicia», *Brigantium*, Boletín do Museo Arqueolóxico Histórico de Coruña, 1982, vol. 3, páxs. 75-92.

⁵ Rodríguez Figueirido, M.: «Cale e a expedición de Decimo Junio Bruto pola Galiza», *CEG XXVIII*, 1973, páxs. 248 e ss.

⁶ A razón de que todas elas foran levadas a cabo por oficiais da provincia hispana Ulterior é de que os territorios occidentais e noroccidentais aínda sen conquistar eran consideradas como pertencentes a esta provincia.

constancia dela⁷, non é tan marcada como nas seguintes expedicións. A campaña de Bruto está orientada á un sometemento dunha vasta rexión lusitana que estaba a dar problemas a Roma pola súa inestabilidade tralas guerras contra Viriato. Nembargantes, as outras expedicións, aínda que os seus dirixentes tamén posuían cargos provinciais no momento da súa realización, non posúen ese carácter de oficialidade que sí atopamos na de Bruto, é dicir, que non tiñan como obxectivo atender a unha necesidade da República (no caso de Bruto sería o de acabar cos ataques lusitanos sobre o *solum provinciale* hispano), senón que estarían orientadas a favorecer os intereses dos seus dirixentes, tendo como fin a procura de riquezas, coñecendo de antemán a súa existencia en puntos localizados. Se distingue nelas, polo tanto, un carácter máis privado.

No caso de César, tentouselle dar esa aparente «oficialidade» mediante a operación de castigo levada a cabo contra pobos da Lusitania interior, pero analizando os feitos en conxunto e coñecendo a necesidade que César tiña de acadar riquezas⁸, é evidente o fin do lucro persoal.

Sobre o carácter das fontes existentes sobre estas expedicións romanas en *Gallaecia* hai que sinalar que son bastante abundantes para o caso da campaña de Decimo Xunio Bruto, aínda que esa abundancia é en certo modo aparente, posto que os datos se repiten en varias fontes, debido a que os autores beben de fontes primarias semellantes. Non sucede o mesmo para as referencias literarias que posuímos no caso das expedicións de Publio Craso e de Xulio César, posto que as fontes que chegaron ata os nosos días son moito menos explícitas e só recollen unha breve referencia á existencia desas campañas.

Así, para a campaña de Décimo Xunio Bruto dos anos 138-137, foi fundamental a obra de Polibio, a súa principal fonte debido á súa contemporaneidade ós feitos e á súa relación co mundo militar romano⁹. O texto de Polibio perdeuse, e soamente se conservan fragmentos, na súa maioría na obra de Estrabón que o cita varias veces como fonte, aínda que é difícil precisar o grao de utilización directa deste fonte, xa que foi misturado con outras fontes como Posidonio e Artemidoro. Así, según estudos de Schulten, hai pasaxes nos que a cita de Polibio se fai a través de pasaxes de Posidonio polo que non se coñece neses casos se Polibio é unha fonte directa ou indirecta¹⁰.

A *Geografía* de Estrabón é a obra que recolle maior cantidade de referencias á campaña de Bruto; a pesares de que o autor nunca visitou Hispania, o seu libro III

⁷ Appiano, *Hist.rom.*, 73; Valerio Máximo, 6, 4. Luzón Nogué apuntou a posibilidade de que a expedición de Bruto tivese como fin a búsqueda de metais preciosos (Luzón Nogué, J.M.: «Algunos aspectos de la minería antigua en Galicia», *Estudios de cultura castreza e de Historia Antiga de Galicia*, Santiago, 1983, páx. 214).

⁸ Suetonio: *Caesar*, XVIII, 1.

⁹ Polibio (ca. 201-118 a.C.) viaxou por Hispania no 133 despois da caída de Numancia e ademais dispoñía dos informes de varios xenerais romanos (Schulten, A.: *Fontes Hispaniae Antiquae* II, páx. 134). É o autor que posúe unha información máis real sobre os feitos que se nos transmite para o caso da campaña de Décimo Xunio Bruto.

¹⁰ Schulten, A.: *Fontes Hispaniae Antiquae*, II, páx. 134.

é fundamental para este estudio xa que empregou coma fonte, ademais de Polibio, a Eratóstenes, Artemidoro de Éfeso¹¹, Herodoto e Posidonio¹².

Outros compiladores de datos referidos á campaña de Bruto foron Diodoro Sículo, Floro e Appiano. A obra de Diodoro Sículo enmárcase na primeira metade do século I a.C., rematada cara o ano 63 a.C., polo que os feitos da campaña lusitana de Bruto lle quedaban moi lonxe no tempo; emprega polo tanto fontes literarias anteriores, entre elas a Posidonio. Floro escribiu a fins do século I d.C. e comenzos do II, e Appiano¹³, que empregou coma fonte a Polibio, é un autor do século II d. C., baixo o reinado de Antonino Pío.

Despois contamos con fragmentos rexistrados en diferentes obras como as de Valerio Máximo, Livio (*Periochae*), Eutropio, Orosio, Veleyo Patérculo, Rufio Festo, Ampelio e o Papiro de Oxyrrynchos.

A expedición de Publio Craso é a que conta cun menor número de fontes; soamente existe unha referencia na *Geografía* de Estrabón a propósito da posible localización das illas Cassitérides, alcanzadas por Craso. As Cassitérides foron coñecidas polos gregos, e aparecen por primeira vez mencionadas na obra de Herodoto (Herodoto, III, 115), aínda que logo van ser tratadas tanto por autores gregos como por autores latinos.

O tema das Cassitérides tivo sempre o seu interese centrado na localización xeográfica das illas. A isto se adicou unha parte da historiografía de mediados de século, pero, debido á ambigüedade dos datos existentes sobre elas así como á inexistencia de outro tipo de documentos, era unha labor complicada. De todos modos se foron xerando posturas confrontadas que apuntaron entre outras a tres solucións: as illas británicas, a Bretaña francesa e Galicia (ben as súas illas costeiras, ou ben algún punto en terra firme)¹⁴. Máis actualmente tense sinalado a inutilidade de estudia-las illas como un elemento xeográfico, en parte debido á mutación que van sufrindo no seu tratamento as illas co transcurso do tempo nas diferentes obras nas que se tratan¹⁵.

A pesares destas últimas indicacións, coas que estamos de acordo, debemos situa-la expedición de Publio Craso no espacio, xa que sabemos que no tempo en que levou a cabo a súa viaxe á procura das illas Cassitérides era procónsul da Hispania Ulterior, é lóxicamente, a súa intervención se realizaría sobre territorios que administrativamente lle estiveran asignados ó seu cargo.

Por esta razón neste traballo incluímo-la expedición de Publio Craso como unha das realizadas sobre territorio galaico, aínda que non podemos precisa-lo punto exacto (ou puntos exactos) da recollida de minerais.

¹¹ Artemidoro escribiu cara o ano 100 a.C. un periplo no que describía as costas peninsulares desde o Promontorio Sagrado e en dirección este.

¹² Posidonio visitou a península cara o ano 90 a.C. Empregou os resúmenes das campañas de Bruto que se atopaban na obra de Polibio.

¹³ Appiano escribiu no século II d.C.; a súa obra *Historia romana* foi rematada ca. 160 d. C.

¹⁴ Cf. Ramín, J.: *Le problème des Cassitérides et les sources de l'étain occidental depuis les temps protohistoriques jusqu'au début de notre ère*. París, 1965.

¹⁵ Balboa Salgado, A.: «As illas Cassiterides. Cuestións metodolóxicas e problemas textuais», *Historia Nova I*, Asociación Galega de Historiadores, Santiago, 1993, páx. 74.

A expedición de César ten a súa fonte principal e cáseque única na obra de Dion Cassio, maila que este autor non é contemporáneo ós feitos, senón que escribe con máis de dous séculos de diferenza con respecto á expedición. Aparte disto so podemos sinalar unha referencia indirecta en Suetonio (*Caes.* XVIII, 1).

É apreciable unha diferenza de tratamento por parte dos autores greco-latinos con respecto a estas tres expedicións, sendo a de Bruto a que espertou maior interese historioráfico. Isto podería levarnos á idea de que a campaña de Bruto foi valorada como máis importante pola historiografía clásica, debido ó que se lle adicou maior atención que ás sucesivas campañas, sen embargo, pensamos que a razón se pode atopar no carácter mesmo das informacións sumistradas no seu momento acerca desas expedicións, é dicir, os datos que sobre as campañas e so resultados das mesmas se deron a conocer en Roma ben directamente, polos xefes das expedicións, ou ben indirectamente, por soldados ou personaxes secundarios. Neste razoamento hai que ter en conta o xa sinalado sobre o carácter cáseque privado das expedicións de Craso e César, do que se derivaría unha ausencia intencionada de información.

As fontes que permiten a investigación deste tema son caseque exclusivamente literarias, e, como xa apuntamos máis arriba, escasas. Ademáis so aportan un coñecemento moi xeral que nos impide unha profundización seria e con detalle no tema a tratar. Hai que ter en conta ademáis que as informacións non chegan ós autores dunha forma directa, senón que proveñen doutras fontes anteriores ou de relatos de xente que sí estivo *in situ* neses territorios, coma poden ser soldados ou comerciantes. Por outra banda, está a actuar un elemento que poderíamos designar como de «psicoloxía social», intrínseco á cultura romana, que tende a subvalorar ou a non lle interesar demasiado o que se atopa lonxano do seu centro cultural de referencia, isto é, a cidade de Roma. *Gallaecia* debido por unha banda á súa lejanía física de Italia, e por outra banda á súa lejanía cultural con respecto xa non só de Italia, senón do resto da península ibérica, despertou entre os autores romanos certa curiosidade cara a súa forma de vida, considerada inferior que o modo de vida romano, pero iso só se traduciu nunhas breves pinceladas sobre aspectos diferenciadores que servían para apoia-las ideas preconcebidas romanas sobre o grao de barbaridade deses pobos. Este tipo de descripción baseada na idea da barbaridade dos pobos do noroeste peninsular é evidente na obra de Estrabón, como ten estudiado o profesor Bermejo Barrera¹⁶.

Un territorio a coñecer: *Gallaecia*

O territorio que trala expedición de Bruto se daría en chamar como *Gallaecia* era para os romanos do século II a.C. un territorio afastado dos seus intereses. En Hispania, nestes momentos, os romanos controlaban a zona sur-sureste-este da península, quedando o sector occidental e norte (con parte da inhóspita meseta) de

¹⁶ Bermejo Barrera, J.C.: «Etnografía castreña e historiografía clásica». *Estudos de cultura castrexa e de Historia Antiga de Galicia*, Santiago, 1983.

espaldas ó mundo romano, debido tanto ó carácter «pouco civilizado» dos seus habitantes, apartado dos contínuos intercambios comerciais que sí se mantiñan con outras rexións peninsulares, como polo descoñecemento das súas riquezas minerais, que comezan a ser un punto de atención tralos contactos cos pobos lusitanos a raíz das guerras contra Viriato.

No ano 137 a.C. Decimo Xunio Bruto recibe o apelativo de *Callaicum* por vencer ó pobo dos galaicos, nunha loita que foi vista desde Roma como unha grande fazaña debido ó grao de barbarismo dos inimigos. Bruto venceu durante a súa campaña ó pobo dos *callaici* que habitaban na zona do baixo Douro, preto da desembocadura, na súa beira norte e ó sur dos bracaros¹⁷. Sen embargo, cando Ptolomeo describe a súa *Geographia* o noroeste peninsular, os *callaeci* ocupan todo un territorio moito maior que ocupa todo o territorio ó norte do Douro ata acadalo mar polo norte, coincidindo cos actuais norte de Portugal e Galicia, e sendo dividido este territorio en «*callaeci bracari*» e «*callaeci lucenses*»¹⁸.

Isto quere dicir que o concepto xeográfico de *Gallaecia* foi variando ó longo do tempo, desde eses primeiros contactos establecidos a finais do século II a.C. con Bruto ata as referencias que sobre o territorio dos *gallaicii* nos aportan as obras de Estrabón (século I a.C.) e de Ptolomeo (século II d.C.).

Podemos sinalar que a *Gallaecia* non existe coma entidade xurídicamente diferenciada ata a época de Augusto, quen, tralas guerras cántabras, acomete a estruturación provincial e a división conventual de Hispania. Aínda así, na obra de Estrabón, contemporáneo de Augusto, hai certo grao de «confusión» no que se refire ó marco xeográfico do territorio posto que o autor describe o territorio dos galaicos dentro do capítulo adicado á Lusitania, e que non soubo definir concretamente o territorio dos galaicos, ós que localiza en diferentes lugares¹⁹.

Ata a época de Augusto, pois, o territorio dos *gallaeci* non ten unha forma definida e non é ben coñecido porque se sitúa nunhas terras bárbaras que parecen espertar escaso interés entre os romanos, se exceptuamos pequenos episodios puntuais de búsqueda de minerais preciosos.

A campaña de Bruto é a primeira toma de contacto do mundo romano cos territorios noroccidentais, sobrepasando polo norte o límite dos territorios de

¹⁷ Cf. *Historia de Galicia*, Tomo I, ed. Hércules, páx. 342 (mapa de distribución dos pobos prerromanos do noroeste según A. Tranoy).

¹⁸ Cf. *Historia de Galicia*, Tomo I, ed. Hércules, páx. 341.

¹⁹ Estrabón: Geogr., III, 2: «... y en último lugar los calaicos, que ocupan gran parte de la zona montañosa. Por eso y por ser los más difíciles de vencer, al que sometió a los lusitanos le proporcionaron ellos mismos el sobrenombre e hicieron que a la mayoría de los lusitanos se les denomine hoy galaicos». Geogr. III, 3: «Al norte del Tago la Lusitania es el mayor de los pueblos ibéricos y el combatido por más tiempo por los romanos. Delimitan este país por el lado sur el Tago, por el oeste y el norte el océano y por el este los carpetanos, vetones, vacceos y calaicos...».

Geogr. III, 4: (hablando sobre los ríos de Lusitania): «... El Benis, que sigue después (otros lo llaman Minio), es con mucho el mayor de los ríos de Lusitania (...). Este río constituye el límite de la expedición de Bruto, pero más allá existen otros cuantos ríos, paralelos a los mencionados». Se entiende aquí que el Benis -con seguridad el Miño- así como los otros ríos que se sitúan «más allá», es decir, al norte del Miño, pertenecen a Lusitania.

Lusitania ata entón coñecidos. Aínda que as fontes relatan que o seu interese era o de controlar as sublevacións máis que o de sustracción de botín, non podemos esquecer que esta era unha práctica comunmente extendida entre os que ostentaban un cargo provincial. Ademais hai referencias ás prácticas de saqueo (Appiano, *Iber.*, 73).

As expedicións militares que a partires dese momento se van dirixir contra estes territorios occidentais e noroccidentais de Hispania terán moito que ver coa posibilidade de abastecerse de minerais coma o ouro, o estaño ou o chumbo. Realízanse estas partindo desde bases do sur peninsular, nas que ben puideron atopar referencias á existencia de minerais en territorio bárbaro, posto que se ten constancia de que mariñeiros sureños se abastecían de estano e chumbo nunhas zonas das que gardaban celosamente a súa localización e ruta de acceso²⁰.

Esta posibilidade de acceso ós minerais aparece como elemento principal nas expedicións de Craso e de César. Estrabón dinos que Craso foi o primeiro romano en alcanzar tales illas e en coñecer a ruta cara elas. César puido ter as informacións necesarias para chegar a acadar tales territorios, estudiando os informes da campaña de Bruto e as informacións que lle proporcionaría a familia Craso. Ademais non hai que esquecer as súas amistades con personaxes gáditanos influíntes que ben lle puideron conseguir os pertrechos necesarios e mariñeiros que lle amosasen o camiño.

Testimonios escritos de Estrabón²¹ e Ptolomeo fanse eco da existencia desas riquezas metalíferas, situando as famosas illas Casitérides²² fronte as costas galegas, illas que na obra de Herodoto eran moi famosas pola presenza nelas de materiais preciosos.

As referencias máis notables acerca da abundancia de metais preciosos en *Gallaecia* provén de etapas posteriores, tra-las guerras cántabras, cando o completo somentemento do sector noroccidental permite un contacto máis directo cos recursos da terra. Así, Plinio (N.H., IV, 112) dice que: «*Esta rexión citada [Gallaecia] dende o Pirineo está chea de xacementos de ouro, prata, ferro, chumbo negro e branco*». En XXXIII, 77-78 este mesmo autor relata que: «*O ouro obtido polos Arrugia non se funde, senón que é ouro en sí mesmo. Así atópanse masas, pero non nos pozos, de máis de dez libras; uns chámanlle a estas masas palagas e outros palacurnas e cando é pequena chámanlle balux. Algúns contaron que Asturias, Callaecia e Lusitania, por este procedemento, en cada ano, sobrepasaron as 20.000 libras de peso, pero Asturias é a que produce a meirande parte. En ningunha outra parte da terra se mantén esta abundancia*».

²⁰ Estrabón, *Geogr.* III, 5, 11.

²¹ Estrabón, *Geogr.* III, 2, 9. Baseándose en datos de Posidonio que sinalan a existencia de prata, estano e ouro branco. Cf. Balboa Salgado, A.: *Op.Cit.*, páx 55-58.

²² Estrabón dí delas en *Geogr.* III, 5, 11: «*Ademais teñen (os habitantes das Cassiterides) minas de estaño e chumbo e peles que trocan cos comerciantes por cerámica, sal e obxectos de bronce*». Sobre as illas Cassitérides vid. Balboa Salgado, A.: *Gallaecia nas fontes clásicas*, Santiago de Compostela, 1996, págs. 119-120. Os gregos chamaron «*Cassiterum*» ó estaño branco (Plinio, *N.H.*, XXXIV, 156).

Pero, na época que é obxecto da nosa análise, é dicir, o tempo comprendido entre a expedición de Bruto e a de César, os coñecementos que se tiñan sobre os recursos naturais da *Gallaecia* non deron nunca como resultado unha explotación sistemática deles, sendo máis ben primeiramente expedicións de recoñecemento do territorio (Bruto e Craso, éste acadando resultados positivos economicamente) e despois, expedición de saqueo e procura de botín (César), baseándose nos datos acadados polos seus antecesores.

A EXPEDICIÓN DE DECIMO XUNIO BRUTO

Decimus Iunius Brutus, xeneral romano, enviado en calidade de procónsul á península (138-136 a.C.) para continua-lo traballo de Q. Servilius Caepio, acadou no ano 139 a.C. o permiso do senado romano para continua-la loita contra os lusitanos tra-la paz asinada polo seu irmán Q. Fabio Maximo Serviliano, posto que non estaba conforme con ela²³.

Xunio Bruto chega á península despois do asasinato de Viriato a mans de tres lusitanos instigados polo cónsul Servilio Caepio no ano 139. Tra-la morte de Viriato o problema lusitano quedou reducido aínda que persistían algúns focos de resistencia ó poder romano, que, sen embargo, non opuseron grande resistencia á campaña militar de Bruto, que conseguiu chegar ata o norte da Lusitania e mesmo pasar o límite desta cos pobos galaicos.

Pódese dicir que Bruto dirixiu a primeira expedición romana que atravesou os límites do territorio dos *Gallaeci*, ata entón fronteira co mundo romano peninsular, aínda que tras este primeiro contacto con esta rexión, non chegou a proxectar un control serio da zona, nin tan sequera se realizou un sometemento efectivo deses territorios ata o río Miño, cousa lóxica se se ten en conta a brevedade da súa estancia —un ano— e a cantidade de pobos por someter.

Xa comentamos que os *callaici* non se relacionan nun primeiro momento coa extensión que acadou a antiga *Gallaecia*, senon que eran un pobo que habitaba na marxe dereita do río Douro, polo que o sobrenome de Bruto foi acadado nos comezos da súa campaña lusitana.

O labor de Bruto de extende-lo poder romano cara o norte a través da Lusitania responde por unha parte ó desexo de Roma de facerse co control de toda a península ibérica, e por outra banda, quizais menos teórica e máis realista, á necesidade de controla-los pobos cercanos á meseta hispana para que non puideran suministrar axuda ós vacceos, contra os que se dirixía, nese mesmo momento, outra campaña militar.

Debemos facer mención aquí dun tema de discusión historiográfica con relación as actuacións de Bruto ocasionado por un texto de Livio, *Periochae*, 55, que dí así: «O cónsul Xunio Bruto en Hispania concedeu ós que loitaron con Viriato, terras e unha cidade, á que chaman Valencia».

²³ Roldán Hervás, J.M.: *La República Romana*, Madrid, 1991, pág. 328.

É certo que durante a campaña de Bruto procedeuse á concesión de terras ós soldados lusitanos que prestaron axuda ós romanos cando estes estaban baixo as ordes de Quinto Servilio Cepión²⁴, ós que se lle deron terras e un poboado xa existente, en principio nun lugar chamado *Valentia*.

A dúbida historiográfica dos anos 50-70 centrouse nas discusións sobre o emplazamento desta *Valentia*. Se propuseron varias candidatas baseándose lóxicamente nas analoxías toponímicas (Valença do Minho, Valencia de Alcántara²⁵, ambas en Portugal, e a Valencia do Cid²⁶), pero todas elas teñen argumentos en contra. As dúas primeiras xa foron descartadas por Torres Rodríguez²⁷. A tese que parecía ter máis solidez de argumentos era a da Valencia levantina²⁸, pero a arqueoloxía revelou que non había indicios da existencia nela dunha poboación de orixe lusitano²⁹. Ademais se apuntou a súa lexañía e localización nunha provincia diferente, a Citerior³⁰.

A historiografía máis recente se inclina por apuntar unha confusión no proceso de redacción ou de copia do texto, confundindo dous feitos diferentes: por un lado habería que distinguir un asentamento de soldados lusitanos na cidade de Brutóbriga, de emprazamento descoñecido, e por outra parte, un asentamento de veteranos do exército romano na Valencia levantina, despois de rematado o ano de mando consular de Bruto. Neste caso, a expresión «*sub Viriato*» hai que entendela nun sentido temporal («en tempos de Viriato»)³¹.

O final do avance das tropas de Bruto cara o norte cara o noroeste peninsular prodúcese no ano 137 a.C. para seguidamente desviar a súa ruta cara o leste para acudir en axuda do cónsul Lépido que tiña problemas na campaña contra os vacceos.

O tema é interesante polo tratamento que literariamente lle deu Floro a finais do século I e comezos do II da nosa era (*Hist. Rom.* I, 33, 12), que nos transmite a idea de que o motivo de finalizar a expedición son uns signos de procedencia celestial que se interpretan como disconformidade dos deuses co avance das tropas. Dise que Bruto observa horrorizado unha posta de sol na que o astro

²⁴ Quinto Servilio Cepión foi o que sobornou a Audax, Ditalcon y Minuro para que asasinaran a Viriato. Torres Rodríguez, C.: «Conquista de Galicia por los romanos antes de las guerras cántabras», *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela*, 1951-52, nº 57-60, pág. 84.

²⁵ Propuesta de Simon, K.: *Roms Kriege in Spanien (154-133)*, Frankfurt, 1962, páx., 138 n. 71. Blanco Freijeiro, A.: *El puente de Alcántara y su contenido histórico*, Madrid, 1977, páx. 21 ss.

²⁶ Hübner, E.: CIL II, páx. 500. Torres Rodríguez, C.: «La fundación de Valencia», *Ampurias* 13, 1951, páx. 113.

²⁷ Torres Rodríguez, C.: Art. Cit.

²⁸ Creeron neste emprazamento entre outros: Torres Rodríguez, C.: «La fundación de Valencia», *Ampurias*, 13 (1951), Pág.113 ss. Vittinghoff *Römische Colonisation und Bürgerrechts politik unter Caesar und Augustus*, Mainz, 1951, pág. 73 n.2. García Bellido, A.: «Las colonias romanas de Hispania» *AHDE*, 29 (1959), pág. 447 ss.

²⁹ Knapp, R.C.: *Aspects of Roman experience in Iberia 206-100 B.C.*, Anejos de Historia Antigua, IX, Universidad de Valladolid, 1977, páx. 129.

³⁰ Ferreiro López, M.: Op.Cit. páx. 461 n. 234.

³¹ Knapp, R.C.: Op. Cit., páx 130. Marín Díaz, M^a. A.: *Emigración, colonización y municipalización en la Hispania republicana*, Granada, 1988, páxs. 134-137.

rei «caía no mar e o seu fogo sumerxíase nas augas e descubriu o sacrilexio(...)» . Certo é que o sol se agocha nestas costas con grande rapidez, fenómeno que foi poucos anos despois observado por Posidonio (entre o 101-91 a.C. na súa viaxe pola península ibérica) —datos recollidos posteriormente por Estrabón—, quen ademais aporta unha explicación natural ó respecto, argumentando que o efecto de que o sol engrandece ou «arde» se produce á presenza de vapores no solpor, e que a rapidez con que desaparece no horizonte se debe á non existencia de montañas e ás propias características do Océano³².

Tense apuntado o estraño que parece que un home que foi capaz de superar as creencias ou supersticións de tipo relixioso que xiraban en torno ó río Limia (Lethes, ou río do Esquecemento)³³, guiando ó seu exército á outra beira, se doblegara ante tales designios, ou non foxe quen de domina-lo seus soldados.

Certo é que o exército romano que por eses días asediaba Palencia baixo o mando de Lépido tiña problemas para controla-la situación, e non sería erróneo pensar en que se lle pedise axuda ó exército de Bruto, que abandonaría a prosecución da súa campaña por terras dos galaicos para dirixirse cara a meseta.

De calquera modo, a expedición seguramente non chegou a traspasa-los límites da actual Galicia, alcanzando como punto máis septentrional o río Miño. Ben puido sobrepasalo, chegando a pisa-la orilla dereita do río, pero non hai restos seguros nin fontes que nolo avalen.

A historiografía tradicional recreouse en fixa-lo lugar exacto desde onde puido ter contemplado ese famoso solpor. A este respecto, o erudito Casimiro Torres sinalou que para contemplar un atardecer como o que describe Floro había que subir ó monte de Santa Tegra (A Guarda), na desembocadura do río Miño. Esta suposición viría avalada pola existencia no castro do Tegra de moedas romanas acuñadas anos antes da campaña de Bruto³⁴. Sen embargo a presenza destas moedas non serve para apoiar tal afirmación, senón máis ben o rexistro da existencia dun comercio con outros puntos da península.

Ademais, para acceder ó monte tería que pasa-lo río, cousa que, aínda que Estrabón sinala como posible de realizar debido á existencia dunha illa no medio do río con peiraos para os barcos (Estr. III, 3, 4), non se teñen datos para afirmala ou negala.

Hai que ter tamén presente que esa visión puido ser realizada desde calquera punto da costa portuguesa.

³² Balboa Salgado, A.: Op.Cit., páx. 84.

³³ A lenda en torno ó río Limia, o cal é comparado co río do esquecemento da mitoloxía grega foi nos presentada polos autores clásicos como unha hábil artimaña das tribus galaicas para conter o avance do exército romano, do que se deriva que estes pobos tiñan un coñecemento profundo da relixión romana; sen embargo cabería outra lectura: as tropas romanas, cansas da campaña de expedición ó ter que se enfrentaren a un inimigo que practicaba unha guerra de conceptos e tácticas diferentes ás romanas, deixa correr o rumor da existencia naquelas terras do río do Olvido (aproveitando a semeillanza dos dous nomes, Limia e Lethes) para forza-lo retorno ás bases.

³⁴ Torres Rodríguez, C.: *La Galicia romana*, Santiago, 1982, páx. 31-34.

De calquera maneira, a reflexión ou investigación sobre a posible localización dese punto xeográfico, non é de ningún modo productiva.

EXPEDICIÓN DE PUBLIO CRASO

A expedición de Publio Craso realizouse na procura das famosas illas do estano, as Cassiterides, de probable localización no noroeste peninsular, como xa se apuntou máis arriba. Para elo posuía, lóxicamente, información sobre a existencia de tales illas (xa na obra de Herodoto) e da súa localización aproximada antes de preparar a expedición. É probable tamén que tivese como referencia os informes da campaña de Bruto.

Así a expedición de Publio Craso, procónsul da provincia Ulterior (realizada nos anos 96-94 a.C.) conseguiu alcanzar as famosas illas Cassitérides e, como nos transmite Estrabón en III, 5, 11, o propio Craso ensinou a ruta cara estas terras onde poder abastecerse de grande cantidade de minerais.

Esta ruta do estaño era coñecida polos gaditanos, que eran os que controlaban o seu comercio, aínda que se debía de gardar coma un segredo para evitar que outros pobos accedieran tamén a él. O estaño era esencial para obte-lo bronce, mediante unha aleación co cobre.

Probablemente os homes que chegaron baixo o mando de Publio Craso o que buscaban era verificar todas esas referencias que desde Herodoto circulaban no mundo romano acerca da localización destas terras, que ó estar cheas de minerais como ferro, ou o estaño, de notable interés para os romanos. Asimesmo, brindou a Craso a posibilidade de enriquecerse, pois desde este momento, a súa familia pasou a ser unha das máis adineradas e influentes de Roma³⁵.

EXPEDICIÓN DE XULIO CÉSAR

Xulio César protagonizou a máis completa expedición na *Gallaecia* antes do sometemento final durante as guerras cántabras. A súa expedición, no ano 60 a.C. é coñecida pola súa rapidez e pola chegada das tropas romanas ata *Brigantium*. César parte do sur peninsular e chega nunha soa campaña ó norte da actual Galicia. Tamén as presas están presentes na súa saída da provincia: marcha antes de finaliza-lo seu mandato e sen agardar polo seu sucesor (Suet., *Caes.*, XVIII, 1).

Nos anos 61-60 a.C. Xulio César estaba na península en calidade de pretor da Hispania Ulterior. Segundo Suetonio, César chegou á península deixando tras de sí débedas en Roma, e debían de ser estas importantes xa que «...*en contra do costume e da lei, partiu sen que os gobernadores estiveran provistos do*

³⁵ Torres Rodríguez, C.: «Conquista de Galicia por los romanos, antes de las guerras cántabras». Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela, Santiago, 1951-1952, páx. 96.

necesario» (Caes., XVIII, 1); «O necesario» refírese ás provisións de diñeiro, armas e escolta que se lle daba a cada gobernador que partía cara provincias, o cal nos está a informar sobre rapidez con que se preparou a viaxe de César que nin sequera agardou polo gobernador da Hispania Ulterior, partindo César antes de que aquel estivera preparado coas cousas que reuquería un gobernador provincial. O propretor debía de partir con todo o equipo do goberno provincial, polo que César cometeu un acto ilegal, á vez que ía en contra do establecido polo costume. Pero este feito nos revela a grande necesidade que César tiña de se escapar de Roma, posto que estando coma *privatus*, é dicir, sen cargo oficial ata que fora investido coma propretor, podía ser levado a xuicio³⁶. Polo tanto, as débedas debían de ser ben grandes. Por outra banda esta explicación queda en Suetonio exposta dunha maneira ambigua ó aportar dúas causas á rapidez de César por marchar á provincia: por un lado nos fala dos acreedores que tiña en Roma (feito que para nos ten suficiente peso para explicar esa marcha apresurada de Roma), pero por outro nos dí que era reclamado polos aliados da provincia³⁷, probablemente debido ás numerosas incursións lusitanas.

Con estes antecedentes na saída de Roma, a campaña de César non podería ter un obxectivo máis claro: o da rapina; comprensible esta polos cartos que César debía en Italia. Poderíase dicir, polo tanto, que actuou motivado pola posibilidade de acadar un importante botín co que regresar a Roma para proseguir a súa carreira militar cara o consulado.

Para esta campaña militar César puido facilmente posuir informacións das expedicións anteriores, e polo tanto, o seu ataque á Lusitania e á Gallaecia, tiñan un obxectivo claro, que como vimos vendo, era o de acadar riquezas coas que voltar a Roma. De ahí que él, antes de comenza-la campaña, xa sabía o que se ía atopar en terras galegas; as súas fontes de información sobre a *Gallaecia* son moi fáciles de coñecer: como xa ben apuntou Torres Rodríguez³⁸, por unha banda tiña as informacións que lles puideron suministrar as élites gaditanas, que, relacionadas co comercio do estaño, coñecían a ruta ás Cassiterides; por outra banda, tivo tamén informacións concretas da familia Craso, á que o unía a amizade co fillo de Publio Craso, o primer romano en alcanza-las Cassiterides.

Pode ser que César, animado por esas informacións pensara en *Gallaecia* como o lugar onde poder satisfacer as súas ansias de botín.

O coñecemento xeográfico que pudo ter empregado derivou de distintas fontes: a expedición de Bruto, que alcanzou o río Miño, a expedición de Publio Craso, as informacións de comerciantes gaditanos, que facían a súa viaxe por mar,

³⁶ Feito este que o mesmo Suetonio deixa entrever dun xeito ambiguo (XVIII, 1): «*Terminada la pretura, al tocarle por suerte la España Ulterior, se desembarazó de los acreedores que le retenían por medio de unos fiadores y, en contra de la costumbre y la ley, partió sin que los gobernadores estuviesen provistos de lo necesario, no sabiendo se por medio al juicio que se le preparaba cuando aún era particular o para ayudar más pronto a los aliados que le solicitaban*».

³⁷ Suet., Caes., XVIII, 1.

³⁸ Torres Rodríguez, C.: Art.Cit. páx. 100.

e tal vez, outras informacións chegadas do mundo lusitano (testemuñas, obxectos de valor, ...).

Sen embargo, o seu primeiro obxectivo da campaña non foron as costas do atlántico da rexión de *Gallaecia*, senón o interior da Lusitania, a Serra da Estrela, para obrigar ós seus habitantes a asentarse en terreo chan, abandoando o hábitat en castros defendibles. Desde logo, este enfrentamento non cumpría co obxectivo da súa campaña, posto que, á vez que se alonxaba da súa ruta, non se teñen informacións de que por esa zona houbera importantes riquezas. De ahí que esta intervención na Serra da Estrela tivo que ter outro motivo: realmente pode responder á necesidade de castigar a unha rexión que daba problemas ó poder romano polas súas sublevacións, ou ben puido ser tan só o pretexto que dera carácter legal ós ollos do senado romano da súa incursión á *Gallaecia*, para poder xustifica-la expedición por motivos de presunta sublevación ou adversidade dos pobos galaico-lusitanos. Por iso, despois de ter sometido o territorio sublevado, non voltou ás bases senón que proseguiu a campaña cara o norte, probablemente na búsqueda das riquezas que lle foran relatadas.

Desta expedición por *Gallaecia* queda a referencia de que conseguiu chegar ata *Brigantium* (probablemente o castro de Elviña, A Coruña³⁹), causando grande temor entre as súas xentes (Dion Casio, 37, 52-53); O seu exército proclamouno *imperator*.

Con isto acadou un cuantioso botín, para os seus soldados, para o erario público e para sí mesmo, correndo rumores en Roma (nunca chegaron a ser unha acusación formal) de que para elo non tivo reparo en saquear cidades amigas e obrigar ós aliados a contibucións extraordinarias⁴⁰.

O escaso tempo de duración da campaña de César, que xa no ano 60 a.C. estaba de regreso en Roma⁴¹, nos fai pensar en que a expedición se levou a cabo por vía marítima, empregando embarcacións para moverse con maior rapidez polo territorio, ata chegar ós puntos que él considerou como importantes para a obtención de botín. Estas naves as conseguiu con probabilidade nunha cidade con tradición mariñeira, como a cidade de *Gades*, aínda que dentro delas ían soldados⁴².

RELACIÓN DE FONTES QUE FAN REFERENCIA A ESTE TEMA

BRUTO, procónsul da Hispania Ulterior nos anos 138-137 a.C.

— **Appiano, *Historia Romana*, 73:** «O exemplo de Viriato servía para que outras moitas bandas percorreran e devastaran a Lusitania. Sexto Iunio Bruto foi

³⁹ Rodríguez Colmenero, A.: «La intervención de la flota romana en la conquista de *Gallaecia*» en Alonso Troncoso, V. (coord.): *Guerra, exploraciones y navegación del mundo antiguo o la edad moderna*, Ferrol, 1994, páx. 94.

⁴⁰ Roldán Hervás, J.M.: *Historia de Roma. Tomo I: La república romana*, Madrid, 1991, páx. 557.

⁴¹ Cf. Suetonio, *Caes.*, XVIII, 1.

⁴² Rodríguez Colmenero, A.: *Art.Cit.*, páx. 94.

enviado contra elas, mais desistiu de perseguilas naquela vasta rexión comprendida entre os ríos Texo, Lethes, douro e Baetis, todos eles navegables; xulgaba, en efecto, moi difícil coller a unhas tropas que se movían coa velocidade propia dos bandidos; se non as collía, era deshonroso e se as vencía, non era con moita gloria. En lugar desto, marchou contra as mesmas cidades deles, pensando castigalos e ó mesmo tempo enriquecer ós seus soldados e que os bandidos se dispersaran voltando cada un á súa patria ó sabela amenazada. Así comenzou a saquear todo o que atopaba ó seu paso; para impedilo, as mulleres loitaban ó lado dos homes manexando as armas con eles e sen dar un berro nas batallas. Uns fuxiron ás montañas levando o que puideron e a outros Bruto perdooulles cando lle suplicaron clemencia, aínda que quitándolle boa parte dos seus bens.

Historia Romana, 74: «E atravesando o Douro, percorreu, combatindo, moitas terras, esixindo moitos rehéns dos que se lle sometían; así chegou ata o río Lethes e foi o primeiro dos romanos que se propuxo atravesalo. Desde aquí chegou ata outro río, o Minio, e foi contra os Brácaros porque estes lle roubaran as súas provisións (...) Houbo cidades que se entregaron, aínda que pouco despois se rebelaron e de novo foron sometidas por Bruto»

— **Estrabón, Geographía, III, 3, 1:** «...Morón⁴³, cidade ben emprazada sobre un monte cercano ó río (Tagus), distante do mar uns 500 estadios, tamén con solo fértil nos arredores e unha navegación son obstáculos nun grande treito incluso para grandes barcos, e o resto, para lanchas fluviales. Máis alá de Morón pode remontarse un tramo aínda maior. Sevíndose desta cidade como base de operacións sostivo Bruto, o conocido por Galaico, a guerra contra os lusitanos e os someteu. Xunto á corrente do río fortificou Olosipon para ter expedita a navegación río arriba e o transporte de víveres, de tal modo que, das cidades do Texo, son estas as máis poderosas.»

— **Geographía, III, 3, 2:** «... os últimos son os Callaicos que habitan unha grande parte da montaña. por seren os máis difíciles de someter deron o seu nome ó que venceu ós lusitanos. E por iso hoxe a meirande parte dos Lusitanos chámanse Callaicos».

— **Geographía, III, 3, 3:** «Delimitan este país (Lusitania) polo lado sur o Texo, polo oeste e o norte o océano e polo leste os carpetanos, vetóns, vacceos e callaicos como pobos máis importantes, pois os demais non son dignos de mención pola súa pequenez e pouca importancia; contrariamente ós de agora, outros tamén lles chaman Lusitanos. Os callaicos limitan polo leste cos astures e os celtíberos, e os demais, só cos celtíberos. A lonxitude de Lusitania é de tres mil estadios (...)».

⁴³ As excavacións realizadas en Mourão deron á luz unha construción de tipo campamental, constituída por unha praza fortemente fortificada e localizada nunha posición estratéxica dominando o río. Cf. Knapp, R.C.: Op. Cit. páx. 28.

— **Geographia, III, 3, 4:** «O Bainis (que outros chaman Minio) segue a éste e é o máis grande dos ríos de Lusitania, navegable 800 estadios. Pero Posidonio dí que este río ven de territorio cántabro. Na súa desembocadura hai unha illa e dous peiraos que teñen fondeadeiros. Ademáis, a natureza é digna de eloxio, pois estes ríos teñen as ribeiras altas e con capacidade para acoller ó mar de marea chea, evitando os desbordamentos e inundacións nas chairas. Este río foi o límite da expedición de Bruto, pero máis aló hai outros moitos ríos paralelos ós nomeados».

— **Valerio Maximo⁴⁴, 6, 4:** «*cuius mentio mihi subicit quod aduersus Decimum Brutum in Hispania grauius dictum est referre nam cum ei se tota paene Lusitania dedidisset ac sola gentis eius urbs Cinginnia⁴⁵ pertinaciter arma retineret temptata redemptione propemodum uno ore legatis Bruti respondit ferrum sibi a maioribus, quo urbem tuerentur, non aurum, quod libertatem ab imperatore auaro emeret, relictum*».

(A súa mención faime lembra-la severa resposta que en Hispania se lle deu a Décimo Bruto. Pois, logo de que se lle entregara toda a Lusitania e quedando nela só a cidade de Cinginna que retiña as armas con tenacidade, propúsolle un trato por diñeiro; como unha soa voz responderon ós legados de Bruto que os seus maiores deixáranlle ferro para defende-la cidade, non ouro para compra-la liberdade a un xeral avaro).

— **Tito Livio, Periochae, 55:** «*Iunius Brutus cos. in Hispania is, qui sub Viriatho militauerant agros et oppidum dedit, quod uocatum est Valentia*».

(O cónsul Xunio Bruto en Hispania concedeu ós que loitaron con Viriato, terras e unha cidade, á que chaman Valencia).

— **Periochae, 55:** «*Decimus Iunius Lusitaniam expugnationibus urbium usque Oceanum perdomuit et cum flumen Oblivionem transire nollent raptum signifero signum ipse transtulit et sic ut transgrederantur persuasit*».

(Décimo Xunio Bruto someteu á Lusitania coa conquista das cidades ata o océano e, non querendo (os seus soldados) pasaren o río do Esquecemento, el mesmo pasou o estandarte arrebatado ó signífero e así convenceu(nos) para que pasasen).

— **Periochae, 56:** «*Decimus Iunius Brutus in Hispania ulteriore feliciter aduersus Gallaecos pugnavit*».

(Décimo Xunio Bruto loitou con fortuna na Hispania Ulterior contra os Gallaecos).

⁴⁴ Escribiu no século I a.C. ó servizo do emperador Claudio.

⁴⁵ Cinginnia: cidade desconocida. La raíz de esta palabra se repite en el río Cinga, afluente del Segre. Schulten, A.: *Fontes Hispaniae Antiquae*, pág. 138.

— **Papiro de Oxyrhynchos, año 137** (das *Periochae* de Tito Livio) : «*M. Aemilio, C. Hostilio Mancino cos. Decimus Brutus in Hispania re bene gesta oblivionis flumen planus transiit*».

(Sendo cónsules M. Aemilio y C. Hostilio Mancino, Decimo Bruto en Hispania, logo dunha victoriosa campaña, atravesou doadamente o río do Esquecemento).

— **Pap. Oxyrh., año 138**: «*Lusitani uastati*»⁴⁶.

— **Publio Ovidio Nasón**⁴⁷, ***Fastos Capitolinos***: *D. Iunius M.F.M.N. Brutus (qui postea) Cal(la)icus appellatus est. Anno DCXVII Pro Cos. De Lusitanis et Callaicus*.

(Décimo Xunio, fillo de Marco, neto de Marco, Bruto, que logo se chamou o Calaiico. Celebrou o seu triunfo, como procónsul dos Lusitanos e Gallaicos o ano 617 da fundación de Roma).

— ***Fastos Capitolinos, VI, 461-2***: «*Tunc sibi Callaico Brutus cognomen ab hoste/ fecit, et hispaniam sanguine tinxit humum*».

(Entón bruto tomou o alcume do inimigo Callaico e tinxiu de sangue a terra hispana).

— **Lucio Anneo Floro, *Ephitome*, 1, 33, 12**: «*Decimus Brutus aliquanto latius Celticos Lusitanosque et omnis Callaeciae populos formidatumque militibus nomen Oblivionis, peragratoque uictor Oceani litore non prius signa conuertit quam cadentem in maria solem obrutumque aquis ignem non sine quodam sacrilegii metu et horrore deprendit*».

(Decimo Bruto, percorrida toda a costa do Océano como vencedor, un pouco máis aló dos Célticos e Lusitanos e os pobos de toda Callaecia, e o río do Esquecemento, pánico dos soldados, non retirou os seus estandartes antes de descubrir, non sen cero medo e horror de sacrilexio, o sol que cae no mar e o lume xurdido da auga).

— **Eutropio**⁴⁸, **4, 19**: «*mox etiam D. Iunius Brutus de Callaecis et Lusitanis magna gloria triumphavit*».

(...despois, tamén D. Xunio Bruto celebrou con gran gloria o seu triunfo sobre os Callaicos e Lusitanos).

— **Scholia Bob. p. 164 Hildebrandt**: «*hic Brutus Gallaecus fuit cognomento ob res in Hispania non minus strenue quam feliciter gestas*».

(este Bruto foi alcumado o Galaico debido a [realizar] fazañas, non de tanta valentía como de feliz resolución, en Hispania).

⁴⁶ Referencia a que Brutus está en la Lusitania en campaña. Fontes Hispaniae Antiquae, pág. 139.

⁴⁷ Publio Ovidio Nasón, 43 a.C.- 17/18 a.C.

⁴⁸ Eutropio, autor do século IV d.C. escribe un resumo da historia romana (*Breviarium ab urbe condita*).

— **Orosio**⁴⁹, **V, 5, 12**: «*Interea Brutus in Ulteriore Hispania LX milia Gallaeorum qui Lusitanis auxilio uenerant asperrimo bello et difficili quamvis incautos circumuenisset oppresit, quorum in eo proelio L milia occisa, sex milia capta referuntur, pauci fuga euaserunt*»⁵⁰.

(Mentras tanto, Bruto, na Hispania Ulterior, derrotou a sesenta mil galaicos que vinieran en auxilio dos lusitanos, nunha batalla dura y difícil, a pesar de que rodearon ós incautos; dise que nesta batalla foron mortos 50.000, 6.000 foron capturados e poucos escaparon).

— **Veleio**⁵¹ **Paterculo, 2, 5**: «*ante tempus excisae Numantiae praeclara in Hispania militia D. Bruti fuit, qui penetratis omnibus Hispaniae gentibus ingenti ui hominum urbiumque potitus numero, aditis quae uix audita erant, gallaeci nomen meruit*».

(antes da destrucción de Numancia, foi gloriosa a campaña de Décimo Bruto en Hispania, que penetrou en tódolos pobos de Hispania, someteu a unha multitude de homes e a gran número de cidades, das que antes non se oiran nomear, merecendo o alcume de Gallaico).

Rufio Festo, Breviarium rerum gestae populi romani, 5,1: «*rebellantes Lusitanos in Hispania per decimum Brutum obtinuimus et usque Gadis ad Oceanum mare peruenimus*».

(Obtivimos por medio de Décimo Bruto rebeldes lusitanos en Hispania e chegamos ó océano ata Gades).

Lucio Ampelio⁵², **47**: «*...per Decimum Brutum Gallaeciam*».

(...por medio de Decimo Bruto a Gallaecia).

Eusebio, chron. ed. Schoene II, 128: «*Bruttius Iberiam usque ad Oceanum sub Romanos redegit*».

(Bruto hizo regresar inmediatamente a los romanos desde Iberia junto al Océano).

PUBLICO CRASO, procónsul da Hispania Ulterior nos anos 96-94 a.C.

— **Estrabón, III, 5, 11**: «*Mais os romanos, intentándoo moitas veces, chegaron a coñece-la ruta. E cando Publio Craso, chegando ata eles, coñeceu que os metais podíanse cavar a pouca profundidade e que a xente era pacífica, ensinou con claridade ós interesados a navegación, aínda que era máis longa que a navegación ata Bretaña*».

⁴⁹ Autor probablemente do *conuentus Bracaraugustanus* de finais do século IV e comenzos do V d.C.

⁵⁰ Batalla no mencionada en Appiano. Las cifras son exageradas. El episodio se fecha el 9 de junio del 137 ó 136 a.C. Schulten, A.: *Fontes Hispaniae Antiquae*, pág. 140.

⁵¹ Fins do século I a.C. e comezos do I d.C.

⁵² Autor no século II ou III d.C. do *Liber Memorialis*.

CÉSAR, propretor da Hispania Ulterior nos anos 61-60 a.C.

— **Dion Casio, *Historia romana*, 37, 53:** «...ó saber que os que habitaban o Herminio desertaran e que se metían terra adentro para prepararen emboscadas, entón retirouse a outra parte e fixo outra vez unha expedición contra eles e, ó dominalos, perseguiu ós que fuxían cara o Océano. Cando abandonaron o continente dirixíronse a algunha illa e el, como non dispoñía de moitas naves de carga, permanecía na rexión, e cando dou feito unhas balsas enviou nelas unha parte do exército e perdeu un bo número del. En efecto, o que tiña o mando, atracando nun peirao próximo á illa e facendo desembarcar ós que atravesaran ata o pe, despois, obrigado polas mareas, zarpou abandonándoos; defendéndose valerosamente, algúns deles renunciaron e Publio Escevio, só e abandonado, privado do escudo, chimpouse á auga e salvouse a nado. Todo eso sucedeu entón. Despois, César, facendo vir unha barcaza de Gades, atravesou con todo o exército e, sen loita, someteu ós que estaban nunha mala situación por falta de víveres. E desde alí, navegando ó longo da costa, cara Brigantio, cidade da Callaecia, atemorizounos e someteunos polo ruxido da navegación xa que endexamais viran unha escuadra».

BIBLIOGRAFÍA E FONTES

FONTES

- Appiano: *Historia Romana*. Biblioteca Clásica de Gredos. Traducción y notas de Antonio Sancho Royo, Madrid, 1995.
- Estrabón: *Geographie*. Livres III-IV. Traducción de François Lasserre. París, Les Belles Lettres, 1966.
- Suetonio: *De uita duodecim caesaris. Libri I, Caesar, XVIII*

BIBLIOGRAFÍA

- BALBOA SALGADO, A. (1993): «As illas Cassitérides. Cuestións metodolóxicas e problemas textuais», *Historia Nova I*, Asociación Galega de Historiadores, Santiago, páxs. 31-76.
- (1996): *Gallaecia nas fontes clásicas*, Santiago.
- BERMEJO BARRERA, J.C. (1983): «Etnografía castreña e historiografía clásica», en *Estudos de Cultura castrexa e da Historia Antiga de Galicia*, Santiago, páxs. 129-146.
- BLANCO FREIJEIRO, A. (1977): *El puente de Alcántara y su contenido histórico*, Madrid.
- GARCÍA BELLIDO, A. (1959): «Las colonias romanas de Hispania», *AHDE*, 29. *Historia de Galicia*, Tomo I, Hércules Edicións.
- HÜBNER, E.: CIL II.
- KNAPP, R.C. (1977): *Aspects of Roman experience in Iberia 206-100 B.C.*, Anejos de Historia Antigua, IX, Universidad de Valladolid.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. (1953): *La civilización céltica en Galicia*, Santiago de Compostela, (reeditado en Madrid, ed. Istmo, 1989).
- LUZÓN NOGUÉ, J.M. (1983): «Algunos aspectos de la minería antigua en Galicia», *Estudos de cultura castrexa e de Historia Antiga de Galicia*, Santiago, páxs. 213-224.
- RAMIN, J. (1965): *Le problème des Cassitérides et les sources de l'étain occidental depuis les temps protohistoriques jusqu'au début de notre ère*, París.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (1994): «La intervención de la flota romana en la conquista de Gallaecia» en Alonso Troncoso, V. (coord.): *Guerra, exploraciones y navegación del mundo antiguo o la edad moderna*, Ferrol.
- RODRÍGUEZ FIGUEIREDO, M. (1973): «Cale e a expedición de Decimo Junio Bruto pola Galiza», *CEG XXVIII*, páxs 248-259.
- ROLDÁN HERVÁS, J.M. (1991): *La República Romana*, Madrid.
- ROMERO MASÍA, A.M^a., POSE MESURA, X.M. (1988): *Galicia nos textos clásicos*. Monografía urxentes do Museu. Ed. do Padroado do Museu Arqueolóxico Provincial, A Coruña.
- SANTOS YANGUAS, N. (1982): «La conquista romana de Galicia», *Brigantium*, Boletín do Museo Arqueolóxico Histórico de Coruña, vol. 3, páxs. 75-92.
- SCHULTEN, A.: *Fontes Hispaniae Antiquae*, II.
- SIMON, K. (1962): *Roms Kriege in Spanien (154-133)*, Frankfurt.
- TORRES RODRÍGUEZ, C. (1951-52): «Conquista de Galicia por los romanos antes de las guerras cántabras», *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela*, (nº 57-60), páxs. 77-110.

- (1951): «La fundación de Valencia», *Ampurias* 13.
 - (1976): «La conquista romana de Galicia», en VV. AA., *La romanización de Galicia*, A Coruña.
 - (1982): *La Galicia romana*, Inst. Padre Sarmiento, Santiago de Compostela.
- TRANOY, A. (1981): *La Galice romaine*, París.
- VITTINGHOFF (1951): *Römische Colonisation und Bürgerrechts politik unter Caesar und Augustus*, Mainz.